



MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE PARA A CONTINUACIÓN DA SENDA PEONIL NA PARROQUIA DE TENORIO

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

Con esta actuación preténdese dar continuidade a senda peonil xa iniciada no ano 2020 e conseguir que a totalidade da travesía que cruza a parroquia de Tenorio teña as mesmas características de idoneidade para o tránsito seguro dos viandantes

Na travesía de Tenorio sitúanse os principais puntos de referencia da parroquia, como o Mosteiro de Tenorio, o centro de saúde ou o centro sociocultural, ademais de servizos para o día a día dos veciños como panadería ou establecementos de hostalaría. As beirarrúas existente na marxe dereita, de ancho variable, atópanse deterioradas e precisan de arranxo.

Coas obras proxectadas, que comezan no p.q. 1+546 e finalizan no p.q. 2+132, se enlaza coa senda xa existente e se normaliza o ancho de conformidade coa normativa vixente sobre accesibilidade.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en catrocentos corenta mil euros (440.000,00), IVE incluído.

A Axencia Galega de Infraestruturas cofinanciará as obras ata un importe máximo de **trescentos dez mil euros (310.000,00)** con cargo a partida



orxamentaria 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 2020-00006 dos seus orxamentos para o ano 2023.

O resto do importe correrá a cargo do concello de Cerdedo-Cotade.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cerdedo-Cotobade e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

Esta actuación xa fora prevista na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orxamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

